



PROGRAMACIÓN CULTURAL

TEATRO

Pastor Díaz

VIVEIRO

SETEMBRO - OUTUBRO
NOVEMBRO - DECEMBRO

2024

SETEMBRO



Sábado 28
20:30 horas
“Apaga o candil”
Contraproduccións.
RGTA

Clasificación: Comedia. **Duración:** 75 minutos

Público: Adultos

Autor / Dirección: Cándido Pazó

Escenografía: Pablo Giráldez.

Deseño son: Xurxo Souto e Richi Casás

Deseño iluminación: Afonso Castro

Vestuario: De Cotío. **Música:** Xurxo Souto e Richi Casás

Elenco artístico: Avelino González e Toni Salgado

Sinopse: O tempo da ficción dramática sitúase no intre do derradeiro alento d’O Xestal, finado á idade temperá de 59 anos. No lusco e fusco entre a vida a morte.

A peza toma como punto de inspiración estrutural e argumental os clásicos contos da visita da morte, unha tipoloxía de historias tradicionais universais que responden a un esquema máis ou menos semellante: un personaxe topa coa morte que lle vén anunciar que o seu final é inminente; o personaxe fai todo o que pode por enganar a

morte e librase do seu lúgubre designio, afán que acaba por resultar fatidicamente inútil. Na tradición galega este tipo de contos tenden a estar revestidos por unha pátina de humor e retranca que relativizan o seu carácter

No plano persoal tocárase a cuestión da autoestima, da necesidade de recoñecemento e notoriedade. Da relativización do compromiso cívico. Os conflitos derivados da insatisfacción creativa e vital, ou da aceptación, por un mesmo e polos demais, da propia identidade nos seus aspectos máis íntimos. No plano colectivo especularase sobre a dificultade histórica (asumida, fomentada ou herdada) das clases populares galegas para prestixiaren as súas manifestacións características e, como consecuencia, prestixiárense nelas. Sobre o perigo de se instalaren nunha ollada choqueira ou esterilmente folclorizada dos elementos que definen a tradición, entre eles as artes e, nomeadamente, a lingua.

Un espectáculo que pretende ser unha homenaxe a unha figura clave da tradición popular: Carlos “O Xestal”

OUTUBRO



Sábado 5

20:30 horas

“Cinco minutos
sen respirar”

Ítaca Teatro.

Circuito

Teatro Profesional

Clasificación: Contemporáneo. **Duración:** 75 minutos

Público: Adulto. **Autor:** Gustavo Ott

Dirección: Carlos Neira

Traducción e Adaptación: Rubén Pérez Pombo

Iluminación e Fotografía: Juan Rivas

Música Original y Espazo Sonoro: David Alonso Garzón

Voz en Off: Rosalía Fernández Rial

Diseño Gráfico: La Cosa Gráfica

Escenografía / Vestuario: Diego Valeiras

Sonido: Juan Rivas

Elenco: Elea López | Carlos Rebolo

Sinopse: Cinco minutos sen respirar retrata os anhelos, o medo e a escuridade que pode albergar unha persoa a través de dous personaxes: Margarita, unha (ex)empregada de banca, e Víctor, supervisor nun supermercado.

A montaxe é unha proposta baseada no traballo de interpretación e cunha dirección escénica que incide nos delirios e nas dualidades propias do mundo de hoxe.

OUTUBRO



Sábado 12

20:30 horas

“Arte”

Hipócrita Teatro

Circuito

Teatro Aficionado

Duración: 70 minutos. **Autora:** Yasmina Reza

Director: Jose Campanari. **Atrezzo e Vestuario:** Jose Campanari. **Traducción:** Carlos Rebolo

Elenco: Carlos Rebolo, Teo Garcia, Iván Redono

Sinopse: Obra construída con personaxes que se amosan pouco a pouco ata adquirir unha complexidade insospeitada e que, entre risas, moitas risas, sabe dicirnos unhas cantas cousas nada banais sobre nós mesmos. Veremos cómo, en cuestión dunha semana e por un motivo aparentemente trivial, tres amigos fan saltar polos aires unha relación de quince anos e compórtanse como nacións en guerra: alianzas secretas, pactos rotos e, sobre todo, tolerancia cero. Axiña, todo isto mostraranos a fragilidade das relacións humanas. A incapacidade para entender e para amar por riba dos nosos propios prexuízos.

OUTUBRO



Xoves 24
20:30 horas
“Ada Byron. La Tejedora de números”

La Westia Producciones.
Camiño escena norte

Duración: 90 minutos. **Público:** adoleste - adulto
Autor: César Alonso. **Dirección:** Ernesto Arias
Axudante de Dirección: Xana do Mar
Escenografía: Nuria Trabanco
Vestuario: Azucena Rico
Proxeccións e deseño de iluminación: Pelayo Rodríguez
Creación de contidos de proxección: Cristina Busto
Espazo sonoro: Mario Viñuela
Deseño gráfico: Carlos Arias Cancio (Espirál 8)
Fotografía: Juan Menéndez
Produción: A Westia Produccións

Sinopse: Ada atópase na cama, moi enferma, e no seu delirio ve ao seu pai morto (Lord Byron) co que repasa a súa propia vida na que As Matemáticas adquiren un gran protagonismo. Este repaso vital contribúe a que pai e filla coñezanse e xurdan revelacións e reproches que fan cambiar a concepción que Ada ten da súa existencia e lévanlle a tomar unha sorprendente decisión.

OUTUBRO



Sábado 26
18:00 horas
“Pum, pum, quen hai”

Ártica Teatro. RGTA

Clasificación: Comedia
Duración: 50 minutos
Público: Infantil (mais de 3 anos)
Autor / Dirección / Adaptación: Ártika Cía.
Escenografía: Marcos Alonso
Deseño son: Anxo Fernández
Deseño iluminación: Anxo Fernández
Vestuario: Fernanda Barrio Barcala
Música: Anxo Fernández
Coreografía: Rocío Salgado
Elenco artístico: Fernanda Barrio Barcala, Marcos Alonso e Rocío Salgado

Sinopse: Dúas portas enfrontadas, un novo veciño no edificio, moito por descubrir e moito por aprender. Quen será e de onde virá? Que valores aprenderás véndonos rir e bailar?

NOVEMBRO



Sábado 2
18:00 horas
“Kyoki”

Elefante elegante.
RGTA

Clasificación: Teatro xestual
Duración: 45 minutos
Público: Infantil (mais de 3 anos)
Autor: María Torres e Gonçalo Guerreiro
Dirección: Gonçalo Guerreiro
Adaptación: María Torres e Gonçalo Guerreiro
Escenografía: Gonçalo Guerreiro
Deseño son: Manuel Fonte
Deseño iluminación: Nacho Martín
Vestuario: Carolina Díguele
Música: Manuel Fonte
Coreografía: María Torres e Gonçalo Guerreiro
Elenco artístico: María Torres e Mario Rodríguez
Sinopse: O espectáculo trata a temática da memoria, da vellez, da demencia, da soidade e da dura e esixente tarefa de coidar as persoas maiores e enfermas.
A través dunha linguaxe xestual impulsada pola interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo evoca múltiples situacións e personaxes que dun xeito ou doutro todas as persoas podemos recoñecer.

“Kyoki”

KYOKI significa “demencia” en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita verificarse en persoas de idade avanzada, mais quen nunca esqueceu onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xersei do revés? Ou saiu de casa atrasado para o cole sen peitear o cabelo?

KYOKI retrata un deses días catastróficos, máis é tamén unha homenaxe a todas as persoas maiores que asisten cada día ó proceso implacable do declinio das súas capacidades vitais.

NOVEMBRO

Sábado 9
20:30 horas
“Sofá”

Marta Alonso Tejada
RGTA

Clasificación:
Contemporánea
Duración: 70 minutos
Público: Adultos
Autor: Marcos PTT Carballido, Marta Alonso Tejada, Pablo Reboleiro Rama
Dirección: Marcos PTT Carballido



Escenografía: Jose Perozo e Sandra Camalea: Realización do Sofá

Deseño son: Marcos PTT Carballido

Deseño iluminación: Ángel Sousa

Vestuario: Paula Quintas

Música: Mounqup e Pablo Reboleiro Rama

Coreografía: Cía Sharon Fridman: Melania Olcina Yuguero, Arthur Bernard Bazin

Elenco artístico: Marta Alonso Tejada e Pablo Reboleiro Rama.

Sinopse: SOFÁ é unha sitcom de danza con teatro, circo e música en directo que fala dunha parella.

Marta e Pablo coñecéronse bailando e xa non teñen tempo para facelo porque traballan moito. Son incapaces de parar. Cren que van solucionar os seus problemas de desconexión facendo un espectáculo de danza cun sofá. Porque o sofá é o lugar onde se atopan as parellas ao final do día para estar xuntas e descansar. Pero... sempre hai un pero. Toda interrupción é un bo motivo para continuar a súa fuxida cara a adiante. Porque parar supón enfrontarse a si mesmas e abrazar a incerteza, o baleiro.

Parar para bailar, acabar para comezar.

NOVEMBRO



Sábado 16

18:00 horas

“La ratita presumida”

Tropos Teatro. RGTA

Clasificación: Monicreques. **Duración:** 45 minutos

Público: Infantil 3 a 10 anos. **Autor:** Charles Perrault

Dirección: Eduardo Guerrero. **Adaptación:** Guillermo Gil

Escenografía: Isis de Jesús. **Deseño son:** Jorge Nuevo

Deseño iluminación: Jorge Nuevo.

Vestuario: Isis de Jesús. **Música:** Tropos

Elenco artístico: Patricia Arroyo y Guillermo Gil

Sinopse: O amor non se pode escoller. As veces chega e logo vaise. As veces queda para sempre e as veces non o atopas nunca. Outras, telo tan preto que nin o ves. A ratita Martina e o rato Martín son bos amigos. Un día, Martina atopa unha moeda e decide comprar un lazo na mercería do seu amigo Martín. E está tan guapa que empezan a choverlle os pretendentes. O Señor Pato, Don Sapito, Don Gato... ¿Cuál será a mellor elección? A ratita non se deixará conquistar fácilmente, nin Martín permitirá que lle arrebaten o amor da sua vida.

Unha divertidísima versión do coñecido conto tradicional repleto de cancións e retahílas infantís.

NOVEMBRO

Sábado 23 - 20:30 horas

Concerto de Santa Icia

Banda Municipal de Música de Viveiro

NOVEMBRO



Sábado 30

20:30 horas

“Noso”

Os naufragos teatro. RGTA

Clasificación: Contemporáneo. **Duración:** 75 minutos

Público: Adultos

Autor / Dirección / Adaptación: Gustavo Del Río

Escenografía: Marisa de Lalglesia

Deseño son: Os Naufragos Teatro.

Deseño iluminación: Dani Pais

Vestuario: Marisa de Laiglesia. **Música:** Os Naufragos Teatro

Elenco artístico: Daniel Otero, María Roja, Rebeca Vecino, Jimmi Núñez e Sete Eiroa.

Sinopse: Nicolás reúne a súa familia para despedirse do espazo que os viu crecer, a casa da infancia cun vello ultramarinos bar que rexentaban os seus pais e no que agora vive con María, a súa parella. A expropiación dese

lugar, por causa da construción dun parque eólico, é o motivo desta xuntanza. Olivia acode con Rubén despois de moitos anos sen contacto familiar. As lembranzas do pasado, unha visita non esperada, as relacións entres irmáns, a necesidade de mirar o futuro e a importancia do pasado farán visible un conflito xeracional e de pertenza ao lugar de onde vimos.

NOSO é a nova peza teatral para adultos de Os Naufragos Teatro, unha dramedia familiar ambientada nas mobilizacións do rural contra os parques eólicos.

DECEMBRO



Venres 6

18:00 horas

“Odaiko”

Grupo de percusionistas.

RGTA

Clasificación: Familiar - didáctico. **Duración:** 50 min.

Nº de compoñentes do grupo: 4

Instrumentos do mundo da percusión contemporánea, elementos de nova creación, comicidade nas olladas e xogar co efecto sorpresa son as claves deste espectáculo. Catro son os elementos que definen este concerto didáctico e familiar que busca que o enxeño se retroalimente e evolucione, e que a senda da creación continúe a medrar.

DECEMBRO

Sábado 14

20:30 horas

“Testosterona”

Malasombra. RGTA



Clasificación: Comedia.

Duración: 75 minutos

Público: Adultos

Autor: Sabina Berman

Dirección / Adaptación: Xoque Carbajal

Escenografía: Diego Valeiras

Deseño son: Carlos Mosquera Mos

Deseño iluminación: Xoque Carbajal

Vestuario: Diego Valeiras. **Música:** Carlos Mosquera Mos

Elenco artístico: Camila Bossa e Luis Iglesias

Sinopse: O director dun importante medio de comunicación debe deixar o seu posto en mans dun dos seus dous sub-directores. Un é muller, home o outro. Que influiría nesa decisión?: a capacidade?, o sexo?, a experiencia?, a audacia?, o engano?, a trampa?..

TESTOSTERONA fala de desigualdade laboral. A autora mexicana Sabina Berman, propónnos unha reflexión profunda sobre a desigualdade laboral por cuestión de sexo, e faino de maneira que nos sorprenderemos cun sorriso debuxado nos nosos beizos vendo as peripecias destes personaxes.

DECEMBRO

Sábado 21 - 20:30 horas

Concerto de Nadal

Banda Municipal de Música de Viveiro

DECEMBRO

Sábado 28

20:30 horas

“Gala de Maxia”

Dani Polo (Galicia). Un dos magos mais talentosos de España.

Luigi Ludus (Málaga). Luigi é un dos magos infantís mais importantes de Europa.

Lola Mento (Jeréz). Maga e actriz aínda que ela defínese como “payasa”, conta cunha carreira artística marcada pola súa participación en diferentes festivais de maxia.



Proximamente

6.ª edición de “Superarte”



VENDA DE ENTRADAS

- De **luns a xoves**, no teléfono **982560162**, en horario, de **9 a 14:00** horas,
- No **correo electrónico**: rbg.cultura@viveiro.es,
- Na **taquilla do teatro** unha hora antes da función.

Organiza:



Excmo. Concello **Viveiro**
Vive Viveiro
Concellería de Cultura

Patrocinan:



Excmo. Concello **Viveiro**
Vive Viveiro



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



camiño
escena
norte